



## REGULAMENTO MARCO DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA E DEPORTIVA

Aprobado polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2018

### TÍTULO PRELIMINAR

#### Artigo 1. Ámbito de aplicación

O presente regulamento é de aplicación ao Departamento de Educación Física Deportiva da Universidade da Coruña.

#### Artigo 2. Departamento de Educación Física Deportiva

O Departamento de Educación Física Deportiva é a unidade de docencia e investigación encargada de coordinar as ensinanzas dun ou varios ámbitos de coñecemento nun ou varios centros de acordo coa programación docente da Universidade, de apoiar as actividades docentes e investigadoras do PDI e das demais funcións que lles sexan encomendadas polos Estatutos da UDC.

### TÍTULO PRIMEIRO: CONSTITUCIÓN E ADSCRICIÓN

#### Artigo 3. Constitución

1. O Departamento de Educación Física Deportiva está constituído pola área de coñecemento de Educación Física Deportiva, agrupando o persoal docente e investigador (PDI) correspondente a aquela.

#### Artigo 4. Adscrición

1. O Departamento de Educación Física Deportiva está adscrito á Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física.
2. A adscrición inicial do PDI aos departamentos farase de acordo coa convocatoria da praza correspondente. Calquera mudanza de adscrición deberá ser acordado polo Consello de Goberno por instancia da persoa interesada e logo do informe dos departamentos afectados.
3. O Departamento de Educación Física Deportiva ten asignada unha Unidade de Apoio a Departamentos e Grupos de Investigación (UADI), adscrita Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física.



## TÍTULO SEGUNDO: ORGANIZACIÓN

### CAPÍTULO 1. DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO

#### Artigo 5. Composición

1. O consello de departamento, o órgano colexiado de goberno do departamento, estará integrado polas seguintes persoas:

a) O director ou directora, que o presidirá e o convocará e o secretario ou secretaria.

b) Todos as persoas doutoras vinculados por relación funcional, laboral ou bolsreira á Universidade e todo o profesorado e axudantes sen título de doutor/a e a tempo completo integrados no departamento.

c) Unha representación do profesorado a tempo parcial e do persoal investigador en formación que colabore na docencia e, de ser o caso, das persoas lectoras integradas no departamento, que suporá o 5 %.

d) Unha representación do estudantado do ámbito da docencia do departamento que suporá un 28 %, dos que, de ser o caso, o 40 % corresponderá aos estudantes de doutoramento.

e) Un/unha representante do persoal de administración e servizos adscrito ao departamento.

2. A elección da representación dos diferentes sectores no Consello de departamento realizarase de acordo co previsto no Regulamento electoral da Universidade.

#### Artigo 6. Competencias

É competencia do consello de departamento:

a) Elixir o director ou directora e, de ser o caso, revogalo/a.

b) Programar as actividades docentes e investigadoras do departamento, elaboralo seu plan de organización docente e propoñer os programas de doutoramento, de acordo coa Escola Internacional de Doutoramento.

c) Formular as demandas do persoal docente e investigador.

d) Organizar cursos ou estudos de posgrao ou especialización dentro do seu ámbito de competencia.

e) Participar na selección e contratación do persoal docente e investigador.

f) Propoñer nomeamentos de doutores honoris causa.

g) Aprobar a distribución do orzamento anual do departamento e a súa execución.

h) Elaborar o regulamento de réxime interno do departamento.

i) Informar as solicitudes de realización de congresos e xornadas científicas

j) Calquera outra competencia que lle sexa asignada polas disposicións legais vixentes e os Estatutos.



### **Artigo 7. Da Comisión Permanente**

1. O Consello de Departamento poderá crear unha Comisión Permanente en que delegará o exercicio das súas competencias, agás as que non poidan ser obxecto de delegación.
2. Os acordos adoptados en Comisión Permanente deberán ser comunicados ao Consello de Departamento na seguinte sesión ordinaria que realice.
3. Na Comisión Permanente deberán estar representados todos os sectores da comunidade universitaria que fan parte do Consello de Departamento

### **Artigo 8. Das comisións de estudo e asesoramento**

O Consello de Departamento poderá crear, con carácter temporal ou permanente, comisións de estudo e asesoramento de carácter non decisorio. O acordo de creación determinará as súas funcións e composición.

## **CAPÍTULO 2. DA DIRECCIÓN DO DEPARTAMENTO**

### **Artigo 9. Elección**

1. A dirección do departamento é o órgano que ten a encomenda de dirixir, xestionar e representar o departamento.
2. Poderá ser candidato á dirección do departamento o PDI doutor con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo. As eleccións serán realizadas polo Consello de Departamento na forma prevista no Regulamento electoral da Universidade. A persoa elixida será nomeada polo/a reitor/a.
3. De non se poder efectuar o nomeamento do director ou directora do departamento por falta de candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, unha vez oído o consello de departamento, o/a reitor/a encargalle provisionalmente as funcións de dirección a un ou unha dos profesores e profesoras do departamento, de preferencia o/a de maior categoría e, dentro dela, maior antigüidade.
4. A duración do mandato será de catro anos, só se poderán presentar a unha única elección.
5. Os/as directores/as de departamento cesarán nas súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada nos termos que regulamentariamente se establezan.
6. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular, as funcións de dirección serán exercidas polo PDI adscrito ao departamento de máis categoría e, dentro dela, con maior antigüidade.



### **Artigo 10. Funcións**

Correspóndelles aos/ás directores/as de departamento:

- a) Exercer a representación do departamento.
- b) Presidir e convocar o consello de departamento e executar os seus acordos.
- c) Dirixir, coordinar e supervisar as actividades do departamento.
- d) Coordinar coa UADI correspondente a atención ás necesidades administrativas e de xestión do departamento.
- e) Promover contratos, de acordo co previsto na lei e nos Estatutos.
- f) Executar as previsións orzamentarias.
- g) Propor ao/á reitor/a o nomeamento, entre o profesorado adscrito ao departamento, da persoa que vaia desempeñar a Secretaría deste.
- h) Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos.

## **CAPÍTULO 3. DA SECRETARÍA DO DEPARTAMENTO**

### **Artigo 11. Nomeamento**

A persoa que vaia desempeñar a Secretaría do departamento será nomeada polo/a reitor/a, por proposta do director ou directora, de entre o profesorado e axudantes do departamento con dedicación a tempo completo. Cesará no cargo por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do/a reitor/a, por proposta da dirección do departamento.

### **Artigo 12. Funcións**

1. A Secretaría do departamento ten como función redactar as actas das sesións, custodiar a documentación e expedir certificacións, ben como calquera outra función que lle fose delegada polo director ou directora de departamento ou encomendada polas disposicións vixentes e os Estatutos.
2. Os/as secretarios/as cesarán no seu cargo por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do/a reitor/a, por proposta do director ou directora.

## **CAPÍTULO 4. DAS SECCIÓNS DEPARTAMENTAIS**

### **Artigo 13. Creación**

Por proposta do profesorado interesado, e logo do informe do departamento afectado, o Consello de Goberno poderá crear seccións departamentais cando así o aconsellaren razóns xeográficas, a existencia de diversas áreas ou ámbitos de coñecemento ou o elevado número de PDI adscrito ao departamento.



#### **Artigo 14. Organización**

1. Cada sección deberá contar cun número mínimo de tres PDI.
2. De entre o PDI adscrito á sección e por proposta desta, o Consello de Departamento nomeará unha persoa responsable que terá dereito a unha redución da súa carga docente con cargo á bolsa de horas xestionada polo centro en que imparta docencia, só no caso de que a sección conte con dez ou máis membros do PDI permanente a tempo completo.
3. O departamento de Educación Física de deportiva estará constituído polas seccións departamentais aprobadas polo Consello de Goberno a proposta do Consello de Departamento.

#### **Artigo 15. Competencias**

Alén das que lle delegue o Consello de Departamento, cada sección exercerá, polo menos, as competencias seguintes:

- a) Propor ao Consello de Departamento as convocatorias de prazas de PDI correspondentes á sección, de acordo co que está disposto nos artigos 81 a 84 dos Estatutos. A proposta de convocatoria inclúe, en todo caso, a comisión xulgadora, o perfil e a categoría da praza.
- b) Propor ao Consello o Plan de organización docente (POD) correspondente ao PDI adscrito á sección.

### **TÍTULO TERCEIRO: NORMAS DE FUNCIONAMENTO**

#### **Artigo 16. Convocatorias e sesións**

1. O Consello de departamento poderase constituír e realizar as súas sesión tanto de forma presencial como a distancia. Neste último caso, os membros do órgano poderán asistir á reunión por medios electrónicos, considerándose tales aqueles que permitan asegurar a identidade da persoa, o contido e o momento en que se producen as súas manifestacións, ben como a intercomunicación en tempo real.
2. Para a válida constitución do Consello de Departamento requirirase en primeira convocatoria a asistencia, presencial ou a distancia, polo menos, da metade dos seus membros sempre que asistan os que ocuparen a dirección e a secretaría ou as persoas que, de ser o caso, as substitúan. De non se acadar este quórum, o órgano poderase constituír en segunda convocatoria coa presenza dun terzo dos seus membros e, en todo caso, de quen ocupe a dirección e a secretaría ou das persoas que, de ser o caso, as substitúan.
3. As convocatorias serán remitidas aos membros do Consello de Departamento cunha antecedencia mínima de dous días hábiles, a través de medios electrónicos, incluíndo a orde do día e a documentación que corresponda, ben como o día, hora e lugar da sesión e o sistema de conexión para a asistencia a distancia.



4. A orde do día da sesión será fixada pola dirección do departamento tomando en conta as solicitudes realizadas polos demais membros.

### **Artigo 17. Votación e adopción de acordos**

1. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que asistan todos os membros do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría. Tampouco se poderán adoptar acordos nos puntos da orde do día correspondentes a «informes» ou «suxestións e preguntas».

2. Os acordos serán adoptados por maioría de votos afirmativos sen se teren en conta as abstencións. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da dirección.

3. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, poida derivar dos acordos. Quen votase en contra dun acordo maioritario poderá formular voto particular por escrito no prazo de máximo de dous días hábiles que conta desde o remate da sesión.

### **Artigo 18. Actas**

1. O secretario ou secretaria redactará a acta de todas as sesións do Consello de Departamento. A acta especificará a relación de asistentes, as ausencias xustificadas (mediante o envío dun correo electrónico á UADI da Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física previo á sesión do Consello de Departamento), a orde do día, o lugar e tempo da reunión, referencia sucinta das deliberación e o contido dos acordos adoptados.

2. Poderanse gravar as sesións que realice o órgano colexiado. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo secretario ou secretaria da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión, poderán acompañar a acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións. Neste caso, deberanse conservar de forma que se garanta a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso a eles por parte dos membros do Consello.

3. A acta de cada sesión aprobarase na mesma ou na seguinte reunión do Consello. Con tal fin, a persoa que ocupe a secretaría elaborará a acta co visto e prace do presidente ou presidenta e remitiráa a través de medios electrónicos aos membros do órgano colexiado, que poderán manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou reparos ao texto, para os efectos da súa aprobación.

### **Artigo 19. Aplicación analóxica**

O establecido nos artigos anteriores respecto do Consello de Departamento aplicarase analoxicamente ao resto dos seus órganos colexiados.



## TÍTULO CUARTO: DA REFORMA DO REGULAMENTO

### **Artigo 20. Iniciativa de reforma do regulamento**

Poderán propor a reforma do presente regulamento un terzo dos membros do Consello de Departamento. A solicitude de modificación presentárase mediante escrito motivado na UADI da Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física dirixido ao/á director/a do departamento.

### **Artigo 21. Tramitación de reforma do regulamento**

O escrito da proposta de reforma será enviado polo director/a aos membros do Consello de Departamento, que disporán de quince días para presentaren emendas. Rematado este prazo, convocarase unha sesión ordinaria do Consello de Departamento para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Achegaranse á convocatoria tanto o escrito da proposta de reforma como as emendas presentadas, que serán sometidas a debate e votación no consello.

### **Artigo 22. Tramitación de reforma do regulamento**

Para a modificación do regulamento requírirase a súa aprobación por maioría absoluta no Consello de Departamento e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña.

## DISPOSICIÓN FINAL

### **Única. Entrada en vigor**

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e seralle de aplicación aos órganos do departamento.

En todo caso, a aplicación das previsións relativas á asistencia a distancia e á gravación das sesións dos órganos colexiados dos departamentos será acordada polo Consello de Departamento, atendendo á dispoñibilidade dos medio técnicos adecuados.